

CURSO

# FOMENTANDO A INCLUSIÓN DESDE O TRABALLO SOCIAL: O COLECTIVO LGTBI+ E AS SÚAS NECESIDADES ESPECÍFICAS. RECURSOS E AXUDAS.

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivo.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario .....	4
7) Metodoloxía.....	4
8) Avaliación .....	5
9) Docencia .....	6

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comenzo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

## 1. RESUMO DO CURSO



50 horas



Online



Do 1 de marzo ao 25 de abril de 2023



**Colexiados/as:** ~~55€~~, agora 28€  
**Non colex.:** ~~75€~~, agora 56€

## 2. FUNDAMENTACIÓN

O colectivo LGTBI+ ven sendo uns dos colectivos que máis **discriminación** sofre tanto a nivel legal, pola súa exclusión de certos dereitos naturalizados no resto da sociedade, como a nivel social, onde a diversidade sexo-xenérica segue a estar xulgada.

Esta formación nace coa finalidade de fomentar o **coñecemento da situación legal do colectivo LGTBI+**, así como das **ferramentas e recursos** que están nas nosas mans para poder traballar pola súa inclusión social ofrecéndolles como Traballadoras/es Sociais, unha resposta de calidade, íntegra e que compense a discriminación que poidan vivir pola súa orientación e/ou identidade, pero que ademais **detecte e prevexa posibles situacións de vulnerabilidade** para intervir antes de que sucedan ou se cronifiquen.

Cando falamos de “colectivo LGTBI+” abarcamos todo o espectro de idades nas que as súas necesidades e dificultades son moi diferentes; coñecer cales son os dereitos de, por exemplo, as infancia trans e os recursos cos que contamos é fundamental.

Nun momento no que resulta imprescindible a prevención, detección e intervención ante a discriminación e a exclusión social por LGTBIfobia, son moitas as voces que desde o eido social reclaman unha formación integral que permita ás traballadoras/es sociais non pasar por alto ningún caso de bullying, de violencia familiar, exclusión social... e saber actuar de forma cohesionada e coordinada co resto de servizos e recursos existentes.

## 2. OBXECTIVOS

- Fomentar a comprensión, a aceptación e a inclusión da diversidade sexoxenérica no traballo social e facilitar a reciclaxe de coñecementos previos.
- Dotar de ferramentas técnicas en materia de igualdade de xénero, diversidade sexoxenérica, atención á diversidade e prevención da discriminación para crear un corpo de traballo social profesional inclusivo.

## 3. CONTIDOS

### **Módulo 1. De que falamos cando falamos de diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.**

- Introducción.
- Conceptos clave.
- Construción da identidade.
- A importancia de incluír a diversidade na nosa práctica laboral.

### **Módulo 2. Persoas LGTBI+, colectivo en situación de especial vulnerabilidade?**

- Necesidades sociais, legais, sanitarias e educativas.

### **Módulo 3. LGTBIfobia, ciberbullying, delitos de odio...coñecer a discriminación sexo-xenérica.**

- Introducción.
- Tipos de LGTBIfobia e como detectalos.
- Acoso escolar lxtbifóbico como fenómeno social e as súas consecuencias na mocidade LXTBI+.
- Ciberbullying lxtbifóbico.
- Delitos de odio

### **Módulo 4. Ferramentas: A fundamentación normativa do noso lado.**

- Lexislación e normativas a nivel autonómico.
- Resolvendo dúbidas sobre a nova lei Trans e de Igualdade LXTBI

### **Módulo 5. Recursos.**

## **4. PERSOAS DESTINATARIAS**

Traballadoras/es sociais en activo que realicen atención directa con poboación en situación de risco, atención a familias e/ou en contacto directo con mocidade, profesionais en desemprego, así como estudantado de Traballo Social.

## **5. CALENDARIO**

Desde o 1 de marzo ao 25 de abril de 2023.

## **6. METODOLOXÍA**

Para o proceso de ensinanza-aprendizaxe, facilitaráselle ao alumnado unha **presentación por cada módulo** ou unidade didáctica, na que ademais do contido propio contarán con enlaces a recursos externos nos que reforzar o aprendido ou exemplificalo a través de recursos en vídeo, novas de prensa, etc.

En cada módulo contarán cunha carpeta de **“Materiais e lecturas complementarias”** coa que seguir afondando nos contidos.

Como exercizos previstos, cada módulo/unidade didáctica, contará con **dous foros temáticos** de debate, no que o alumnado deberá participar alomenos nun deles para superar o módulo. A través destes foros reforzarase a interacción profesorado-alumnado e alumnado-alumnado, de forma que o proceso de aprendizaxe sexa enriquecido con todas as aportacións e experiencias.

Para finalizar o módulo, deberán responder a un **cuestionario tipo test** no que validar os coñecementos adquiridos. Ao remate do curso, o alumnado deberá realizar un **caso práctico**.

Coa finalidade de conseguir unha maior adherencia á formación e unha menor porcentaxe de abandono, establécese unha semana final para recuperar un máximo de dous módulos sen finalizar ou non superados.

A comunicación coas titoras realizarase a través do correo-e e dos foros.

## 7. AVALIACIÓN

Para avaliar a formación teranse en conta diferentes aspectos:

- Comprobar en que medida interiorizan os conceptos abordados nos módulos e os inclúen na súa escrita.
- Observar como debaten nos diferentes foros aplicando no debate os conceptos e recursos contidos nos módulos e como deconstrúen os estereotipos e conceptos errados previos.
- Determinar o grado de adopción (interiorización) da inclusión da diversidade na súa práctica profesional a través da resolución do caso práctico.

Criterios de avaliación:

- Participación, alomenos, nun foro temáticos de debate por cada módulo.
- Realización dos tests propostos.
- Realización dun caso práctico.

## 8. DOCENCIA

### Xiana Pérez Rial

Traballadora social, muller con discapacidade, lesbiana e nai de dúas fillas.

Diplomada en Traballo Social e Licenciada en Criminoloxía, con Mestrado en Tratamento Educativo de Diversidade e Necesidades Especiais así como Mestrado en Coaching.

Desde o ano 2008 cofunda e preside a Asociación Nós Mesmas, na que desenvolve a súa labor como voluntaria levando a cabo actividades de orientación e acompañamento a persoas LGTBI+ e desenvolvendo actividades grupais. Compaxina esta actividade co exercicio profesional como traballadora social en discapacidade desde hai preto de 15 anos.



### Elisabeth Pérez Costas

Educadora Social, Licenciada en Criminoloxía. Mestrado en Tratamento Educativo da Diversidade. Formación en igualdade, xénero e desenvolvemento persoal. Experta en programación Proceso-Ensinanza.

Cofunda a Asociación Nós Mesmas en 2008, entidade na que, anos despois, desenvolve a súa actividade laboral como formadora en diversidade sexual, de xénero e familiar no ámbito educativo, impartindo formación a alumnado, profesorado e escolas de familias entre o ano 2009 e o 2020, ademais de deseñar e executar o proxecto "Mocidade LGTBI: presente!" que se repite anualmente. Actualmente desempeña, na mesma asociación, a coordinación do plan de formación e a atención persoal, asesoramento e orientación sociolaboral a mulleres LGTBI+.

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)